

Marcenaro

Que muit' á ja que a terra non vi
u est' a mui fremosa mia sennor,
de que m' eu trist' e chorando parti,
e muit' anvidos e mui sen sabor,
porque me disse que me partiss' én, 5
jai!, mia sennor e meu lum' e meu ben,
máis fremosa das donas que eu vi.

E, meus amigos, por meu mal a vi
das outras donas parecer mellor,
e fezmi a Deus veer por mal de min, 10
meus amigos, ca, de pran, na maior
coita do mundo viv' oge por én,
-como quererlle mellor doutra ren-
e non a vej', amigos, u a vi.

Mais, u mi a Deus primeiro fez veer, 15
máis me valvera de morrer enton,
pois que mi a Deus tan gran ben fez querer,
que ben mil vezes, si Deus me perdon,
esmoresco no dia, que non sei
que me faço nen que digo, tant' ei, 20
amigos, gran coita pola veer.

- letto 688 volte